

## **A Cámara rexeita o decreto do carbón polos irreparables prexuízos que terá para a comarca e para Galicia**

**Considera que se trata dun agravio comparativo equiparable ao veto que pesa sobre Navantia**

**Ferrol. 20/07/2010.** A Cámara de Comercio de Ferrol manifesta o seu total rexeitamento ao decreto do Goberno central que prima a utilización do carbón autóctono e que compromete gravemente a viabilidade das centrais térmicas das Pontes e Meirama alimentadas con carbón importado.

A Cámara considera que non se pode consentir que as medidas de apoio á actividade mineira e o mantemento do emprego en determinadas comunidades autónomas vaian en detrimento da industria eléctrica galega e das súas empresas auxiliares e supoña a perda de milleiros de postos de traballo.

Para a entidade resulta inaceptable e inexplicable un cambio no modelo enerxético que penaliza as dúas plantas galegas que, despois de realizar cuantiosos investimentos para adaptarse ao imperativo legal das directivas comunitarias que esixían un drástico recorte das emisións contaminantes, melloraron a súa eficiencia e rendibilidade.

No caso concreto da central das Pontes, a súa paralización suporía un novo revés para o tecido produtivo da comarca ferrolá, xa que máis alá do prexuízo directo e da destrución de emprego na planta, tería gravísimas repercusións para as empresas auxiliares, así como para o sector do transporte terrestre e marítimo asociado ao tráfico de carbón importado e, especialmente, para o porto exterior de Ferrol.

A Cámara entende estas medidas como un novo ataque para un sector estratéxico da economía da comarca e de Galicia e considera paradóxico o feito de que se podan primar instalacións mineiras obsoletas que foron destinatarias de subvencións millonarias, moi superiores ás que recibiron os estaleiros públicos galegos, mentres que estes, precisamente por este motivo, non poden construír buques civís.

Por todo isto solicitou ao Ministerio de Industria que se revise este marco normativo que penaliza a utilización dunha enerxía máis segura, máis barata e menos contaminante e supón, nun contexto de crise económica, un retroceso inexplicable na conformación dun modelo enerxético diversificado, eficiente e sostible que contribúa a mellora da competitividade das nosas empresas e que non prexudique, unha vez máis, á comarca de Ferrol e á comunidade galega.

